

## RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 14 DE FEBREIRO 2008

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no anexo I.

### **1. Informe do reitor**

O Sr. Reitor comeza a súa intervención expresando o pesar da Universidade da Coruña pola defunción de don Juan Encabo Heredero, que no seu día foi profesor na Escola Universitaria Politécnica de Ferrol e de don Antonio Esquer Pan, membro do persoal de administración e servizos tamén da nosa universidade.

O Sr. Reitor dálles conta aos membros do Consello de Goberno da última reunión da Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE), realizada o día 31 de xaneiro para preparar a sesión do Consello de Universidades. Nela tratáronse temas diferentes como a preparación da próxima Conferencia de Primavera da *European University Association* (EUA), que terá lugar do 27 ao 29 de marzo de 2008 na Universitat de Barcelona.

Igualmente, o Sr. Reitor informa aos membros do Consello de Goberno das reunións institucionais mantidas co Concello da Coruña a propósito da súa participación na sociedade xestora do parque tecnolóxico e da modificación do plano para a nosa área residencial, que xa foi aprobada. A respecto do plano de financiamento do sistema universitario galego, o Sr. Reitor infórmaos tamén das entrevistas realizadas cos representantes dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdG-PSOE), aínda que do punto de vista institucional non se cursou formalmente o procedemento para a súa modificación. Remata a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da relación de cesamentos e nomeamentos producida desde a última sesión do Consello de Goberno, que figura no anexo II.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa do proceso de formalización do convenio entre a Consellería de Sanidade e a Universidade da Coruña para a creación do Instituto de Investigación Sanitaria da Coruña. Mediante este convenio, as partes acordan a constitución dun instituto de investigación sanitaria a través da

asociación das unidades de investigación da Universidade de Coruña e do Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña, sempre de conformidade co previsto no Real decreto 339/2004, do 27 de febreiro, sobre acreditación de institutos de investigación sanitaria. O citado instituto de investigación, que supedita a súa personalidade xurídica á obtención da acreditación por parte do Ministerio de Sanidade e Consumo, denominarase «Instituto de Investigación Biosanitaria da Coruña (INIBIC). Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo/ Universidade da Coruña». As partes tamén se marcan como obxectivo conseguir a acreditación prevista no Real decreto 339/2004, en que o Complexo Hospitalario Universitario de Coruña constituirá o núcleo básico do Instituto de Investigación Sanitaria de acordo o previsto no artigo 2, punto 1 da dita disposición. Unha vez conseguida, de ser o caso, a correspondente acreditación, as partes asinantes adoptarán os acordos precisos, se así o consideran oportuno, de cara a outorgarlle ao Instituto a axeitada natureza xurídica.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen intervén en ausencia do Sr. Vicerreitor de Profesorado e informa das prazas de profesorado convocadas desde a última sesión do Consello de Goberno polo procedemento de urxencia, que figuran no anexo IV. Trátase dunha praza para a contratación dun contratado interino de substitución a tempo completo da Área de Ciencias e Técnicas da Navegación, por renuncia voluntaria para acollerse á xubilación, do profesor que impartía a docencia e dun asociado T3P3 de catro meses de duración para impartir docencia no Curso de Mestrado de Asesoramento Xurídico Empresarial que quedara pendente da anterior convocatoria.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen informa os membros do Consello de Goberno da Normativa sobre cursos de verán da Universidade da Coruña para este ano 2008.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen informa brevemente sobre as últimas resolucións de concursos e adxudicacións en materia de obras e infraestruturas, aprobadas na Mesa de Contratación da nosa universidade.

Unha vez finalizada a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Xerente, que intervén para informar de temas relacionados especificamente co persoal de administración e servizos da nosa universidade, concretamente a respecto dos procesos selectivos do Servizo de Biblioteca (grupos A e B, que xa están rematados coas correspondentes tomas de posesión) e de auxiliares administrativos, en que se rematou a fase oposición e xa se publicou na páxina web da nosa universidade a fase de

concurso, que tamén está enviada para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Conclúe a súa intervención aludindo ao acordo de funcionarización do persoal laboral de administración e servizos, cuxa formalización, que está pendente da respectiva sinatura, contou coa unanimidade das centrais sindicais.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións e das validacións de expedientes que foron executadas desde a última sesión do Consello de Goberno, de acordo coa Comisión de Asuntos Económicos. Realizáronse imputacións de expedientes por valor de 47.406,39 euros e validacións de expedientes por valor de 380.190,86 euros (339.820,49 euros do expediente C-1 e 40.370,37 euros do expediente C-2).

Rematada esta quenda de intervencións, o Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Casabella López, quen se interesa polas persoas adxudicatarias dos concursos a que fixo mención o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental sinalalle que neste momento non lle pode facilitar a información de maneira rigorosa, pois non ten aquí toda a documentación sobre o tema, mais comprométese a remitirlle por escrito toda a información solicitada.

## **2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior**

O Sr. Reitor dálle a palabra neste punto da orde do día ao Sr. Delgado Martín, quen advirte un erro na relación de persoas ausentes da acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno do 18 de decembro de 2007, pois figura entre as persoas ausentes cando estivo realmente presente. Ademais, desexa que consten en acta as seguintes consideracións a respecto desta.

En relación co punto número 14, sobre a súa intervención relativa á modificación da Normativa de promoción de profesorado habilitado, agradece a precisión relativa ao que di o artigo 27.4 da Lei 30/1992, aínda que desexa facer constar que o seu coñecemento legal no momento en que a sesión tivo lugar estaba -e está- moi por baixo do necesario para ser coñecedor dos detalles do citado artigo.

En relación co punto número 16, gustaríalle matizar que a natureza da súa intervención, alén do seu rexeitamento aos orzamentos -polos motivos argumentados no seu momento e durante a sesión-, pretendía facer fincapé na pertinencia, necesidade e oportunidade de acompañar as propostas que implican grandes investimentos dun adecuado soporte documental, que pediu, explicitamente, que se puxese a disposición de todos os membros do

Consello de Goberno. Tamén considerou oportuno solicitarlles á Vicerreitoría correspondente que, en futuras presentacións, fíxese constar de forma expresa (por exemplo, en forma de táboas e anexos, entre outros medios) os datos económicos correspondentes aos anticipos reembolsables solicitados e concedidos á UDC. Trátase de aspectos que foron peticións realizadas durante a súa intervención, non elementos de argumentación relativos á súa decisión de rexeitar os orzamentos. Doutra banda, nesta mesma liña nota a faltar un elemento importante da intervención do Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa, xa que comentou que non había ningún problema para consultar os documentos correspondentes aos proxectos de ampliación do CITEEC, CIT e CITIC, así como de implantación do CICA.

En relación coa súa cuestión sobre o cesamento do director xerente da FUAC, tamén desexa facer constar que, tal e como lembra, o que figura na acta amplía en exceso o dito na sesión polo Sr. Reitor. Non ten inconveniente en que figure na acta sometida a aprobación, pero desexa chamar a atención en relación a que a acta non debería ampliar o dito polos asistentes, xa que existen outras canles para emendar omisións, malas interpretacións ou erros.

Despois da intervención do Sr. Delgado Martín, apróbanse, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 18 de decembro de 2007, unha vez corrixido un erro sobre a xustificación da ausencia do Sr. Delgado Martín, quen estivo presente na devandita sesión, e a acta de sesión extraordinaria do 25 de xaneiro de 2008, que estiveron a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

### **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 34 convenios que figuran no anexo III, que se clasifican en convenios marco (2), convenios específicos (un total de 13) e convenios para prácticas (un total de 19) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión, que figuran no mencionado anexo III, son aprobados por asentimento.

### **4. Prazas de profesorado**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen intervén en ausencia do Sr. Vicerreitor de Profesorado para dar conta, detalladamente, da relación de prazas de profesorado que figura no anexo IV. Inclúense nesta relación tres prazas solicitadas polo Departamento de Computación, que tamén contan co informe favorable da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP).

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, a relación de prazas de profesorado que figura no anexo V apróbase por asentimento.

## **5. Proposta de tribunais e convocatoria de concursos de acceso**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen intervén en substitución do Sr. Vicerreitor de Profesorado para informar da proposta de tribunais e da convocatoria de concursos de acceso que figuran no anexo VI.

Despois dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casabella López, apróbase a proposta de tribunais e a convocatoria de concursos que constan no citado anexo VI.

## **6. *Venias docendi***

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen intervén en substitución do Sr. Vicerreitor de Profesorado para darlles conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de *venias* que figura no anexo VII, para impartir docencia na Escola de Enfermaría adscrita do Juan Canalejo, que conta co informe favorable do Departamento correspondente.

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, apróbase por asentimento a proposta que figura no citado anexo.

## **7. Informe sobre a situación da relación de postos de traballo de profesorado a 31 de decembro de 2007**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen intervén en substitución do Sr. Vicerreitor de Profesorado. Sinálalles aos membros do Consello de Goberno que se trata dun punto establecido na orde do día para informar da situación, a 31 de decembro de 2007, da Relación de Postos de Traballo (RPT) de profesorado da Universidade da Coruña, que é a recollida no anexo VIII.

En cumprimento do aprobado por este Consello de Goberno sobre normativa de elaboración e modificación da Relación de Postos de Traballo de Profesorado, preséntase o resumo das modificacións da RPT aprobadas por este Consello de Goberno ao longo do ano 2007. Remitíuselles aos membros deste Consello a relación das prazas novas aprobadas, das prazas transformadas, das prazas amortizadas e tamén dos cambios de áreas e departamentos. Todos os cambios están recollidos no ficheiro RPT a 31 de decembro de 2007. A información de cada departamento enviúselles con antelación para que a revisaran. Aquí non se recollen os contratos de substitución, que corresponden a necesidades docentes conxunturais, entre as que se debe contabilizar a redución por cargo académico, a docencia de terceiro ciclo e a diferenza entre as 60 horas de docencia dun axudante e as 220 que lle corresponden a un contratado doutor, como consecuencia do compromiso de estabilidade asumido pola UDC. Tampouco aparecen as prazas de asociado T3P3 de duración inferior a seis meses, que se convocaron para cubrir docencia especializada nos mestrados profesionais.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Delgado Martín, Fernández López, Casabella López e González López. Remata a quenda a propia Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións reiterando que con este punto da orde do día se trataba de informar das modificacións da RPT aprobadas polo Consello de Goberno nas sesións realizadas no ano 2007 e substituír, en consecuencia, a RPT de 2006 pola relación actualizada a 31 de decembro de 2007, que figura no anexo VIII.

## **8. Aprobación, se proceder, de proposta modificada de mestrado oficial**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen informa da proposta modificada de mestrado oficial obxecto deste punto, que trae causa dos informes dos avaliadores externos, enviados pola Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a respecto dos programas oficiais de posgrao da terceira edición. Sinala que as valoracións, agás en dous casos, son favorables ou favorables con modificacións. Os posgraos que contan con informe desfavorable son o de Dirección de Proxectos e o Dirección Integrada de Proxectos, que determina o informe da ACSUG que deben unificarse, pois teñen unha porcentaxe moi elevada de coincidencias.

A respecto sempre destes dous mestrados, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións dálles conta aos membros do Consello de Goberno dos seus respectivos procesos de elaboración. Neste sentido sinalalles que, hai un ano, na Coruña tivo lugar unha xuntanza onde se falou de crear un mestrado oficial nesta materia. Comezaron a traballar

persoas das tres universidades e este proxecto durou de marzo a xuño. No mes de xuño o representante da Universidade de Santiago de Compostela deixa o tema alegando motivos persoais. Posteriormente comeza a xerarse un mestrado con persoas da Universidade de Santiago e outras da nosa universidade. Sometéronse as propostas á Comisión de Posgrao, quen solicitou informes externos para ter máis información sobre ambos, resultando ser favorables os dous. Antes da realización do Consello de Goberno en que se tratou o tema da terceira edición dos programas oficiais de posgrao, o Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea mantivo unha reunión para conseguir un acordo con responsables dos dous mestrados, mais sen proveito ningún, por esta razón o noso Consello de Goberno acordou informar favorablemente o mestrado Dirección de Proxectos coordinado pola Universidade de Santiago de Compostela coa participación da Universidade da Coruña e informar favorablemente o mestrado Dirección Integrada de Proxectos, coordinado pola nosa universidade coa participación da Universidade de Vigo, coa recomendación, non obstante, de que deberían unificarse.

Tras recibir hai dúas semanas os informes da ACSUG, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións púxose en contacto coas Universidades de Santiago de Compostela e de Vigo de cara á consecución dun acordo para a creación dun mestrado interuniversitario coordinado pola Universidade da Coruña. Como non foi posible, promoveuse outro encontro por instancia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nesta reunión estaban presentes o director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o director da ACSUG e os tres vicerreitores das tres universidades públicas galegas con competencias en materia de titulacións. Durante o encontro, a representante da Universidade de Vigo comenta que a súa universidade xa se manifestou nun Consello de Goberno a favor do mestrado A Coruña-Vigo e, pola contra, informou desfavorablemente o mestrado da Universidade de Santiago de Compostela. Pola súa banda, o representante da Universidade de Santiago de Compostela defende o mestrado da súa universidade. E o representante da Universidade da Coruña amosa a súa preferencia polo mestrado interuniversitario coordinado pola nosa universidade. O representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria informa que, nesta situación, un mestrado interuniversitario non é viable e propón que exista un mestrado coordinado pola Universidade da Coruña (Coruña-Vigo) e un coordinado pola de Santiago de Compostela, de modo que, para poder continuar o procedemento, a nosa universidade debe renunciar a ter un dos dous títulos. Cando isto ocorra, enviaránselles os informes correspondentes destes mestrados a cada universidade. Nesta mesma reunión, infórmase de que os dous son favorables con

modificacións e de similar calidade, por esta razón a Universidade da Coruña debe renunciar a un mestrado.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casabella López, quen se interesa polos coordinadores dos mestrados; o Sr. Casteleiro Maldonado, quen considera moi grave o que se produciu; o Sr. Delgado Martín, quen se interesa sobre a existencia ou non de unanimidade da proposta común de mestrado; O Sr. Cao Abad, quen se interesa pola viabilidade da modificación; o Sr. Recuero Astray, quen intervén para falar do cómputo na docencia por participación nestes mestrados; e, por último, a Sra. López Fernández, quen incide tanto na necesidade de diferenciar entre mestrados oficiais e mestrados propios como nas normativas reguladoras existentes para tales efectos.

Antes de se proceder á aprobación, os Sres. Casabella López e Sáez Jabardo queren deixar constancia do feito de que se van abster na votación para os efectos legais oportunos.

Despois dunha votación en que se rexistran 29 votos a favor, 5 abstencións e 1 voto en contra, apróbase a nova proposta sobre os posgraos oficiais, continuar co posgrao interuniversitario de Dirección Integrada de Proxectos, que coordina a Universidade da Coruña coa participación da Universidade de Vigo e, por último, renunciar ao posgrao Dirección de Proxectos.

## **9. Aprobación, se proceder, das propostas de títulos de grao da Universidade da Coruña**

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen lle dá conta aos membros do Consello de Goberno das propostas de títulos de grao para o curso académico 2008/2009 da Universidade da Coruña que figura no anexo IX, incidindo no proceso seguido para tales efectos coa finalidade presentar en tempo e forma as solicitudes correspondentes. Concretamente, tívose en conta o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, as Liñas xerais para a implantación dos estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia, aprobadas no Consello Galego de Universidades no pleno do 5 de novembro de 2007 e as Directrices para a elaboración de propostas de títulos de grao, aprobadas por este Consello de Goberno na súa sesión do 23 de novembro de 2007.

As propostas foron avaliadas por avaliadores externos propostos pola ACSUG. Tras coñecer os informes, estes foron enviados aos respectivos centros para o seu estudo e incorporación das suxestións e propostas, de se

considerar necesario. As dúas propostas recibiron varias cartas de apoio de institucións e colexios profesionais externos á Universidade da Coruña e foron aprobadas por unanimidade nas correspondentes xuntas de centro.

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións igualmente repara na súa intervención nas alegacións recibidas a respecto de certas proposta de grao. Foi o caso da proposta de grao en Terapia Ocupacional, que determinou a presentación de alegacións polo Departamento de Matemáticas e polo Departamento de Psicoloxía, dun escrito polo Departamento de Electrónica e Sistemas e das recomendacións por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións aos centros implicados. Tendo en conta isto, a Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Saúde modificou a súa proposta, logo de atender as suxestións da Vicerreitoría, en que se comentaba que as materias non debían contar con menos de 4,5 créditos e os períodos que se poderían utilizar debían de ser cuatrimestrais ou anuais. Nos acordos da Xunta de Centro explícanse as respostas que se lles dan ás alegacións. En concreto, coméntase que, a respecto do tema de lles asignar materias a profesores, estase á espera do procedemento que se estableza para a elaboración do Plano de Organización Docente (POD). Acéptanse parcialmente as alegacións do Departamento de Matemáticas para excluír da materia de Estatística os contidos referentes a Documentación. E, por último, en relación coa materia de Tecnoloxía da Información e Comunicación, a Comisión, coa aprobación do Sr. Decano de Ciencias da Saúde, acepta mudar a denominación desa materia pola de Métodos Informáticos para Persoas con Discapacidade, de modo que se atende así a suxestión do Departamento de Electrónica e Sistemas.

Tamén informa a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións das alegacións á proposta de grao en Socioloxía, formalizadas polo Departamento de Matemáticas, polo Departamento de Psicoloxía e pola Área de Dereito Constitucional da Facultade de Dereito. A Xunta de Centro acordou desestimar todas estas alegacións. No caso do Departamento de Matemáticas, mostran o seu desacordo en que sexan os estatísticos os que impartan as materias relacionadas con estatística, por consideraren que outros profesionais poden explicar as aplicacións dunha forma máis clara. A respecto da Área de Dereito Constitucional, indican que non poden incorporar a materia que se lles propón, posto que ao pasar dun título de cinco anos a outro de catro, se produce unha redución de créditos. E por último, en relación coas alegacións do Departamento de Psicoloxía, o centro en cuestión entende que, na actualidade, a asignación a áreas non aparece e, daquela, os encargos de docencia realizaranse cando corresponder.

Rematada intervención da Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, ábrese unha quenda de intervencións en que participan os Sres. Casabella López, quen centra a súa atención nas alegacións ao Grao de Socioloxía; Casteleiro Maldonado, quen felicita as persoas que elaboraron as propostas de grao, ademais de interesarse por cuestións relacionadas co seu financiamento; Cao Abad, quen explica con detalle o escrito de alegacións formalizado polo Departamento de Matemáticas, que non foi atendido, e pregunta sobre a asignación de docencia; González Veira, quen informa da postura contraria que manteñen os Comités Abertos de Facultade ao Espazo Europeo de Ensino Superior; e Tejeiro Vidal, quen tamén quere agradecer o traballo realizado e o esforzo empregado a todas as persoas que participaron no proceso de elaboración das propostas de grao aquí tratadas. En relación co tema da docencia, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións explícalles que a Vicerreitoría de Profesorado proporcionará as normas oportunas antes da elaboración do POD e que en, calquera caso, para a aprobación das propostas de grao non cómpre esta información, ademais do feito de que a aplicación *VERIFICA* non ofrece a posibilidade de incluír esta información. Remata a súa intervención sinalando as recomendacións sobre número mínimo de créditos e períodos de docencia enviadas a Terapia Ocupacional e a Socioloxía e que máis adiante se preparará un documento máis completo.

Antes de se proceder á aprobación, o Sr. Cao Abad quere deixar constancia do feito de que vai votar en contra da proposta de Grao en Socioloxía. O Sr. González Veira tamén quere deixar constancia de que vai votar en contra da aprobación das propostas de grao, dada a postura contraria que manteñen os Comités Abertos de Facultade ao Espazo Europeo de Ensino Superior.

Cos votos en contra dos Sres. Cao Abad e González Veira, apróbase a proposta de títulos de grao para o curso académico 2008/2009 da Universidade da Coruña que figura no anexo IX

#### **10. Aprobación, se proceder, da proposta de modificación da composición da Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística da UDC**

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen explica a proposta de cambio puramente formal da normativa en que se recolle a composición da Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística da nosa universidade. A proposta, que ten por obxectivo reflectir o cambio de dependencia do Servizo de Normalización Lingüística, é a seguinte:

Onde di «Alén do vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación e do director do SNL,» propónse a súa substitución por «Alén do órgano unipersoal de goberno con competencia sobre o Servizo de Normalización Lingüística e o/a director/a deste».

No apartado relativo a «Composición da Comisión», evítanse os dous nomes propios do principio e substitúense por «Órgano unipersoal de goberno con competencia sobre a materia» e «Director/a do Servizo de Normalización Lingüística».

Opera a mesma substitución tras os nomes dos/das integrantes da comisión, no parágrafo que comezaría agora «A presidencia e vicepresidencia da Comisión corresponden ao órgano unipersoal de goberno con competencia sobre a materia e ao/a director/a do Servizo de Normalización Lingüística.»

Sen se rexistrar ningunha intervención na quenda aberta para tales efectos, os membros do Consello de Goberno aproban os cambios propostos.

## **11. Quenda aberta de intervencións**

Toma a palabra a Sra. Fernández López, quen se interesa polo estudo do Observatorio Ocupacional e a súa divulgación entre a nosa comunidade universitaria.

Toma a palabra o Sr. Pérez Castro, quen intervén para interesarse pola situación da Oficina de Software Libre da Universidade da Coruña (OSL), unha vez que vai ser establecida outra en Santiago de Compostela, e a súa vinculación na estrutura do parque tecnolóxico da nosa universidade. Tamén trata o tema da limpeza nos accesos ao edificio Xoana Capdevielle. En resposta, o Sr. Reitor sinalalle que a OSL depende da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, que vai garantir o financiamento da OSL. Remata a súa intervención indicándolle que a OSL, polo de agora, non vai entrar na estrutura do noso parque tecnolóxico. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen aproveita tamén para tratar o tema das obras dos accesos, indícalle que xa se están a tomar as medidas necesarias ao respecto, mais sempre sobre a base de que é un tema que lle compete á Deputación da Coruña.

Toma a palabra o Sr. González López para incidir no punto relativo a prazas de profesorado, advertindo certas ausencias no relativo a prazas de axudantes doutores. O Sr. Reitor pídelle desculpas e sinalalle que se adoptarán as medidas para corrixir tales eivas.

Toma a palabra o Sr. Cao Abad, quen intervén para anunciar que o Instituto Español de Matemáticas terá a súa sede en Galicia. Tamén quere deixar constancia das deficiencias padecidas polos membros da Facultade de Informática en materia de recoñecemento médico, concretamente nas

analíticas. O Sr. Xerente confirma o que di o Sr. Cao Abad e, ademais, pon de manifesto que a resposta foi tardía, razón pola que xa se lle presentou a protesta formal a FREMAP, como servizo de prevención.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen pregunta polos razóns que determinaron o nomeamento de novos adxuntos ás vicerreitorías. Remata a súa intervención aconsellando a profesionalización de tales cargos e a asunción das súas tarefas polo persoal de administración e servizos da nosa universidade. O Sr. Reitor respóndelle que se trata de cargos directivos de política universitaria, cuxo nomeamento obedece ao incremento da carga de traballo e á necesidade de mellorar a eficacia na xestión.

Toma a palabra o Sr. Ferreiro Baamonde, quen se interesa polo proceso de expropiación para a construción da nova area residencial, pois semellan existir problemas coas persoas afectadas. O Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental explícalle que hai problemas de valoración dos terreos que se van expropiar e tamén que, en certos casos, hai vivendas afectadas pola expropiación. A respecto disto último, o Sr. Reitor infórmao de que a Universidade da Coruña comprometeuse coas persoas afectadas a facer todas as xestións necesarias ante as institucións implicadas para garantir o seu realoxamento no contorno.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 14.15 h.